



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 21 de decembro de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día vinte e un de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1485).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1486).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN MIXTA DE SUBMINISTRO E SERVIZOS DUNHA REDE SEN FÍOS "WIFI". EXPTE. 8619/113.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 19/12/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos dunha rede sen fíos "WIFI" (8.619-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos dunha rede sen fíos “WIFI” (8.619-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	91,57
2	DIMENSION DATA ESPAÑA, S.L.U.	82,3
3	EDNON, S.L.	71,94

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(1487).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN GENERAL DE COOPERACIÓN AUTONÓMICA Y LOCAL PARA O PROXECTO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”. EXPTE. 15311/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 19/12/18, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local de Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:



Concello de Vigo

- O MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES, publicou no BOE do 24 de xaneiro de 2018 a Orde PRA/37/2018, do 16 de xaneiro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación, destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables.
- No BOE de 27 de abril de 2018, ven de publicar o “Extracto da Resolución do 23 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, pola que se aproba a convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP- POEFE)”, polo que se inicia o prazo de presentación de candidaturas por un prazo de 40 días desde o seguinte á esta publicación.
- A convocatoria ten por obxectivo “A concesión de subvencións para cofinanciar proxectos promovidos por Entidades Locais no ámbito da inclusión social, loita contra a pobreza e a discriminación, que inclúan a realización de itinerarios integrados de contido formativo dirixidos á inserción de persoas desempregadas que pertencen a colectivos máis vulnerables, así como o desenvolvemento de xornadas informativas de activación e intercambio de experiencias e boas prácticas”.
- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 21 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:
 - 1.- Aprobar a memoria e o orzamento do proxecto “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”, que se achegan no anexo I para presentar á “Convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP-POEFE)”, convocada polo “MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES”
 - 2.- Solicitar ao “MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES”, dentro da “Convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP-POEFE)”, unha axuda por importe de 1.698.089,07€ que se corresponde co 80% do total do proxecto (2.122.611,34 €) para o desenvolvemento do proxecto aprobado.
 - 3.- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados polo “MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES”.
 - 4.- Delegar no concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello de Vigo na tramitación da solicitude de subvención diante do “MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES”.

- No BOE de data 19/12/2019, se ven de publicar por parte do MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL Y FUNCIÓN PÚBLICA a “Resolución de 13 de diciembre de 2018, de la Dirección General de Cooperación Autonómica y Local, por la que se resuelve la convocatoria de 2018 de ayudas del Fondo Social Europeo destinadas a entidades locales para la inserción de las personas más vulnerables, en el contexto del Programa Operativo de Empleo, Formación y Educación”, na que:
 - No seu ANEXO I, Proxectos subvencionados na Categoría de rexión 2 B (rexións máis desenvolvidas financiadas ao 80 %), se lle aproba ao Concello de Vigo, o nº proxecto 123 “Vigo pola Inserción Laboral”, por importe total de 2.122.611,34 €, dos que 1.698.089,07 € corresponde á axuda do Fondo Social Europeo e 424.522,27 € é a cofinanciación do Concello de Vigo.
 - No apartado cuarto establece “De conformidade co establecido na disposición décimo terceira.2 da Resolución desta convocatoria de axudas, no prazo de dez días, a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución no BOE, as entidades beneficiarias deberán remitir ao organismo intermedio a aceptación expresa da axuda, entendendo que renuncian á mesma se non se envía dita aceptación en prazo...”.

A devandita resolución supón a concesión da totalidade da subvención solicitada polo Concello de Vigo.

Polo anteriormente exposto **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, coa conformidade do Secretario Municipal e non sendo necesaria a fiscalización previa do expediente, a adopción do seguinte acordo:

1.- Aceptar a subvención concedida na “Resolución de 13 de diciembre de 2018, de la Dirección General de Cooperación Autonómica y Local, por la que se resuelve la convocatoria de 2018 de ayudas del Fondo Social Europeo destinadas a entidades locales para la inserción de las personas más vulnerables, en el contexto del Programa Operativo de Empleo, Formación y Educación”, na que se concede ao Concello de Vigo, o proxecto “Vigo pola Inserción Laboral”, co número 123, por importe total de 2.122.611,34 €, dos que 1.698.089,07 € corresponde á axuda do Fondo Social Europeo e 424.522,27 € é a cofinanciación do Concello de Vigo.

2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión do proxecto “Vigo pola Inserción Laboral”, conforme ao establecido na Orde PRA/37/2018, do 16 de xaneiro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación, destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

4(1488).- PRECONTRATO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O ALLEAMENTO A ESTA DO CHAMADO EDIFICIO DO “ANTIGO REITORADO” E O SEU ANEXO, DOS QUE É TITULAR O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 20225/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/12/18 e o informe xurídico de data 19/12/18, dáse conta do informe-proposta de 19/12/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- En data 12 de decembro de 2018, o 2º Teniente de Alcalde e Concelleiro Delegado das Áreas de Patrimonio, Xestión municipal, Administración Electrónica e Recursos Humanos, Fomento e Contratación, acordou iniciar expediente para a aprobación e sintura dun precontrato de compra-venda co Consorcio da Zona Franca de Vigo das edificacións coñecidas como “Antiguo Rectorado” e “Anexo” sitas nos números 46 da Rúa Areal e 1 da Rúa Oporto.

SEGUNDO.- A xefatura de Control Orzamentario, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio e Xestión municipal, o 19.12.2018, redacta “Memoria xustificativa das Condicións precontractuais para a compraventa ao Consorcio da Zona Franca de Vigo das edificacións coñecidas como “Antiguo Rectorado” e “edificio anexo” sitas nos núms. 46 da rúa Areal e 1 da rúa Oporto, cuxo obxecto é fixar as liñas básicas para a conclusión, no seu caso, do contrato patrimonial definitivo para o alleamento polo Concello de Vigo a prol do Consorcio da Zona Franca de Vigo dos inmobles citados e comprometer a obriga de desenvolveselas a fin de que o dito contrato quede en definitiva completo e concluso.

TERCEIRO.- En data 19-12-18, o Xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e a Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial emite informe xurídico concluíndo que “non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe as Condicións precontractuais para a compraventa ao Consorcio da Zona Franca de Vigo das citadas edificacións .

FUNDAMENTOS

I.- Natureza e negocio xurídico do expediente

O negocio xurídico de referencia é un negocio xurídico de carácter patrimonial, excluído da aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, tal e como se detalla xunto coa normativa de aplicación no informe xurídico obrante no expediente.

En canto ó seu *contido*, axustado á lexislación de procedemento administrativo, art 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, detállase no informe xurídico obrante no expediente, e responde ó contido definido no citado precepto.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinalan os arts 50 LRXSPe 199 LALG.

As necesidades-objetivos concretos defínense na Memoria, e consisten en localizar a sede do Consorcio da Zona Franca de Vigo e principais dependencias nun edificio emblemático do municipio, como é a edificación do “Antigo Reitorado” e dispoñer asimesmo do edificio “Anexo” para emplazar nel as oficinas do Consorcio máis necesitadas de proximidade coa súa sede así como para destinar ditos espazos a centro de negocios, salas de xuntanzas, coworking e outras actividades dinamizadoras económica e socialmente para a área de influencia do Consorcio.

Asemade, resulta de interese para o Concello de Vigo que o Consorcio da Zona Franca de Vigo adquira presenza institucional no centro da cidade y incorpore novos usos que dinamicen e diversifiquen a zona residencial da rúa Areal, con gran presenza de locais adicados a actividades de restauración e terciarias. Producirase tamén consecuencia da venda a liberación de espacio franco, coa conseguinte implantación de empresas con esta necesidades , o cal traerá un retorno económico na cidade. Ademáis, o prezo da venda permitirá incrementar os recursos erario público municipal para facer fronte a obrigas de gasto non corrente do Concello de Vigo .

II.- Procedemento e competencia.

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.

O artigo 25.2 letra “d” da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, atribúe ós Concellos competencia en materia de equipamentos da súa titularidade, e a de protección e defensa do patrimonio, artigo 28 Lei de patrimonio das administracións públicas.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe, e o artigo 53 LRXSP á súa comunicación ao Consello de Contas de Galicia .

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, fórmulase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o “PRECONTRATO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O ALLEAMENTO A ESTA DO CHAMADO EDIFICIO DO ANTIGO REITORADO E O SEU ANEXO, DOS QUE É TITULAR O CONCELLO DE VIGO” transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal aos efectos de publicidade e proceder a súa comunicación ao Consello de Contas.

Vigo, na data da sinatura dixital.



Concello de Vigo

O Xefe do Servizo de Control Orzamentario, Óscar Couce Senra

A Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, Marta Riobó Ibáñez

Conforme, O 2º Teniente de Alcalde e Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, Patrimonio, Contratación, Recursos Humanos e Administración electrónica, Fco.Javier Pardo Espiñeira

ANEXO

“PRECONTRATO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O ALLEAMENTO A ESTA DO CHAMADO EDIFICIO DO ANTIGO REITORADO E O SEU ANEXO, DOS QUE É TITULAR O CONCELLO DE VIGO.

En Vigo, _____ de _____ de 2018

Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación deste que lle atribúe o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Doutra, don David Regades Fernández, Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, en nome e representación da dita entidade

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena capacidade e representación para a sinatura do presente precontrato, e a estes efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Concello de Vigo é titular en pleno dominio das edificacións coñecidas como “Antigo Reitorado” e edificio “Anexo”; que se describen como segue:

a) O edificio principal, coñecido como “Antigo Reitorado”, destinado no seu día á “Comandancia Militar de Vigo”, se describe na escritura pública de adquisición, autorizada polo notario, que foi desta cidade, don José Piñeiro Prieto, o 31 de xullo de 2000, co núm. 1.472 de orde do seu protocolo, como segue:

“URBANA.- CASA compuesta de planta baja, dos pisos y boardilla, señalada con el número cincuenta y dos, con el terreno unido a la misma destinado a patio y jardín, formando todo una sola finca, sita en la Avenida de Felipe Sánchez, hoy rúa Areal, de la ciudad de Vigo. Mide la superficie total de mil veintisiete metros y treinta y tres decímetros cuadrados, y linda: Norte o frente, en línea recta de veinte metros, en dirección Este-Oeste, con la Avenida de Felipe Sánchez, hoy rúa Areal; Este o izquierda, con línea quebrada, con finca de don José Luis Rodríguez Sousa; Sur o espalda, en línea recta de dieciocho metros y cincuenta centímetros, finca de don Adriano Miranda; y, Oeste o derecha, en línea recta de cincuenta y dos metros y cincuenta centímetros, con la calle Oporto”.

No ano 1997 iniciouse, cara ao linde sur desta parcela, a construción do edificio de oficinas, coñecido como “Anexo” que de seguido se describe, que foi rematado no ano 2001 e segregado, xunto coa porción da parcela que o empraza, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 3 de xullo de 2006, da parcela inicial arriba descrita.

No Inventario Municipal de Bens e Dereitos, o edificio principal arriba referido figura identificado co número de propiedade 3.600, como ben de titularidade municipal, de natureza demanial, afecto ao servizo público.

O inmovible se corresponde co número 46 de orde da rúa Areal e como lindeiros figuran os seguintes: Norte, en liña 19 m. Rúa Areal; Sur, en liñas 18,75 metros o núm. 3 da rúa Oporto; Leste, en liña quebrada con zoa de uso público edificio 48-50 da rúa Areal; e Oeste, en liña 41,5 metros con Rúa Oporto

A superficie da parcela, tras a segregación operada, é de 812 m².

A edificación conta con tres plantas e baixo cuberta, cunha superficie total construída cerrada de 2.732 m² e total computable de 2.787 m².

A referencia catastral do inmovible é 3665001NG2736N

Título: Escritura pública de compravenda outorgada polo Estado Español, Ramo Defensa, Gerencia de Infraestructuras y Equipamiento de la Defensa a favor do Concello de Vigo, autorizada polo notario de Vigo, don José Piñeiro Prieto, o 31 de xullo de 2000, co núm. 1.472 de orde do seu protocolo.

Inscripción: Inscrita no Rexistro da Propiedade núm. 1 de Vigo, ao tomo 1180, folio 127, finca 5.015M, inscrición sesta.

Cargas: servidume de medianería a prol da propiedade colindante de José Luis Rodríguez Sousa.

Clasificación e cualificación urbanística: O edificio está incluído no ámbito do Plan especial e catálogo complementario de edificios, elementos e conxuntos a conservar, aprobado definitivamente en data 25 de outubro de 90, catalogado coa protección de "estrutural" e sen posibilidades de adición de plantas, nunha parcela clasificada no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOM de Vigo 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia como solo urbano e cualificada coa ordenanza 4.5 de zonas para outras institucións.

b) O edificio "Anexo" descríbese como segue:

"URBANA: Edificio para oficinas, denominado "Anexo" sinalado co nº3 da rúa Oporto da cidade de Vigo, á que da fronte e por onde ten acceso, dunha superficie de 151 m² en planta sobre rasante, composto de soto, baixo e seis plantas, que xunto co terreo unido ao mesmo e destinado á uso público, forman todo unha soa finca de 224 m² de superficie, cos seguintes lindeiros:

Norte, en liña de 18,75 m. coa parcela nº 46 da rúa Areal da que se segrega; Sur, en liña de 18,25 m co edificio nº 5 da rúa Oporto: Leste, en liña de 12,18 m co edificio nº 50 da rúa Areal; e Oeste, en liña de 12,18 m coa rúa Oporto.

Referencia catastral 3665019NG2736S001EB

Título: Segregación, polo vento Sur da parcela municipal sita no nº 46 da rúa Areal, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 3 de xullo de 2006.

Inscripción: Polo Rexistrador da Propiedade nº Uno de Vigo, procedeuse a practicar a inscrición rexistral da edificación e segregación aprobada, dando lugar a parcela segregada á unha nova finca rexistral nº 79.787, no Tomo 1.406, folio 51, inscrición 1ª.



Concello de Vigo

Cargas: Servidume de medianería a favor da propiedade colindante de José Luis Rodríguez Sousa e cesión de uso á Deputación Provincial de Pontevedra, nos termos que se especifican no expoñendo que segue.

Clasificación e cualificación urbanística: O edificio está incluído no ámbito do Plan especial e catálogo complementario de edificios, elementos e conxuntos a conservar, aprobado definitivamente en data 25 de outubro de 90. A construción emplázase nunha parcela clasificada no Documento de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOM de Vigo de 1988 á Lei de adaptación da do solo a Galicia como solo urbano, cualificada coa ordenanza 1.1.B de edificación pechada da área central do PEEC. A edificación non está catalogada e esgota o aproveitamento urbanístico que lle asigna o planeamento de aplicación.

c) O edificio principal ten natureza demanial, de servizo público e o anexo esta clasificado no Inventario Municipal de Bens e Dereitos como patrimonial.

Segundo.- Que o Consorcio da Zona Franca de Vigo, nun paso máis na apertura desta Institución á cidade, esta interesada na adquisición das dúas edificacións anteriormente descritas para a localización no edificio histórico do Antigo Reitorado da súa sede e das dependencias máis representativas do Consorcio, así como para o traslado e concentración progresiva no edificio nomeado “Anexo” das demais oficinas do Consorcio, así como outros espazos adicados ao desenvolvemento de dinamización económica da súa área de influencia, sin que nos mesmos vaian exercitarse función aduaneiras ou de réxime de zona franca. E así, tras as conversas mantidas polas representacións de ambas institucións aquí intervintes e sobre a base da inicial posibilidade da adquisición dos devanditos edificios polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, o Comité Executivo deste, en sesión de 26 de setembro de 2018, acordou iniciar as actuacións pertinentes en orde a adquirir tanto o edificio principal do “Antigo Rectorado” como o coñecido como “Anexo”; inicio de actuacións que foi comunicado ao Concello de Vigo con data 27 de setembro seguinte.

Terceiro.- Que habida conta da importancia que para a cidade de Vigo e a súa área de influencia representa o Consorcio da Zona Franca de Vigo, o Concello considera de interese para a cidade que o Consorcio localice a súa sede e principais dependencias nun edificio emblemático do municipio, como é, polas razóns que de seguido se dirán, a edificación do “Antigo Reitorado” e dispoña asimesmo do edificio “Anexo” para emplazar nel as oficinas do Consorcio máis necesitadas de proximidade coa súa sede así como para destinar ditos espazos a centro de negocios, salas de xuntanzas, coworking e outras actividades dinamizadoras económica e socialmente para a área de influencia do Consorcio.

Cuarto.- Que a edificación principal histórica do “Antigo Reitorado”, arriba descrita, atópase na actualidade infrautilizada polo Concello de Vigo, por desaparición ou traslado a outros emplazamentos da meirande parte das dependencias administrativas que a ocupaban e as oficinas que aínda permanecen prestando servizos no edificio poden perfectamente trasladarse a outras instalacións municipais.

Así as cousas e como queira que a dita edificación non resulta necesaria, nin é previsible que o sexa no longo prazo, para a prestación do servizo público de oficina pública municipal, o concelleiro delegado da Área de Xestión Patrimonial, con data 27 de outubro de

2018 e co número de expediente 20.170/240, dispuxo a iniciación de expediente para a desafectación deste edificio.

Quinto.- Que de acordo co artigo 137.4.a) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, de aplicación ao presente caso, se poderá acordar a adxudicación directa do alleamento dos bens patrimoniais cando o adquirente sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público, como é o caso do Consorcio da Zona Franca.

Sexto.- Que as edificacións ás que se refire o presente convenio foron obxecto de taxación pola entidade Sociedad de Tasación, S.A., taxación da que resulta un valor para o edificio histórico do “Antigo Reitorado” de 3.487.801 euros e para o edificio “Anexo” de 2.127.367 euros; valoración que é coincidente coa que dos mesmos inmobles realiza o enxeñeiro da edificación municipal.

Sétimo.- Con estes antecedentes e toda vez que o alleamento da edificación do “Antigo Reitorado” non se pode levar a efecto en tanto non conclúa o procedemento para a súa desafectación e se poda tramitar, e tramite, o expediente de alleamento dos ditos inmobles a favor do Consorcio da Zona Franca de Vigo, as partes intervintes, previa aprobación do seu texto pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión de XXXX, e a proposta do Comité Executivo do Consorcio da Zona Franca de Vigo polo seu Pleno, en sesións de 17 de decembro de 2018, conclúen o presente precontrato co obxecto de comprometer a súa actividade dirixida ao desenvolvemento das actuacións necesarias para a conclusión do definitivo contrato de alleamento, polo Concello de Vigo a favor do Consorcio da Zona Franca de Vigo, dos inmobles descritos no Expoñendo Primeiro.

Precontrato que ambas partes conclúen con arranxo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente precontrato ten por obxecto fixar as liñas básicas para a conclusión, no seu caso, do contrato patrimonial definitivo para o alleamento polo Concello de Vigo a favor do Consorcio da Zona Franca de Vigo dos inmobles descritos no apartado primeiro da parte expositiva deste precontrato e comprometer a obriga de desenvolveselas a fin de que o dito contrato quede en definitiva completo e concluso.

SEGUNDA.- Obrigas que asume o Concello de Vigo.

O Concello de Vigo a virtude do presente precontrato comprométese a tramitar e dictar resolución expresa no expediente de desafectación do edificio principal do “Antigo Reitorado”, iniciado por resolución do concelleiro delegado da Área de Xestión Patrimonial, de data 27 de outubro de 2018, co número de expediente 20.170/240 e, acordada que sexa, de se lo caso, a dita desafectación a tramitar o pertinente expediente administrativo para a conclusión do contrato definitivo de alleamento a favor do Consorcio da Zona Franca de



Concello de Vigo

Vigo dos devanditos inmobles, principal e anexo do “Antiguo Reitorado”, polo prezo de 5.615.168 euros. Os inmobles entregaranse libres de cargas, gravámenes e ocupantes.

Asemade comprométese a tramitar, no seu caso, as modificacións de planeamento urbanístico necesarias para poder ser destinados os inmobles aos usos previstos neste precontrato (uso terciario oficinas) en desenvolvemento da actividade que, como axencia de desenvolvemento local exercita o CZFV

TERCEIRA.- Obrigas que asume o Consorcio da Zona Franca de Vigo.

O Consorcio da Zona Franca de Vigo, pola súa parte, obrigase a adquirir ambos inmobles polo precio de 5.615.168 euros:-

CUARTA.- Condición resolutoria expresa.

O presente precontrato suxéitase ás condicións resolutorias expresas consistentes na denegación polo órgano competente do Concello de Vigo, da desafectación do edificio principal do “Antigo Reitorado”; así como o suposto de que non se realicen as modificacións do planeamento urbanístico ás que o Concello se compromete na cláusula Segunda que permitan ao Consorcio alcanzar os obxectivos que se pretenden coa adquisición dos inmobles, casos nos que o presente precontrato quedará resolto de pleno Dereito e sen valor nin efecto algún.

QUINTA.- Comisión paritaria de seguimento.

Para o seguimento da execución deste precontrato e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión de seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes intervinientes. Así mesmo cada Institución poderá nomear outros dous representantes que terán carácter técnico.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente calquera das partes ou o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros, e en todo caso unha vez ao trimestre. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na súa reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

SEXTA.- Vixencia.

O presente precontrato producirá os seus efectos desde a data da sinatura do mesmo ata a data do contrato definitivo de alleamento dos inmobles, sen que dito prazo poda superar os catro anos.

SÉTIMA.- Extinción do precontrato.

O precontrato extinguirse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O cumprimento da condición resolutoria expresa consignada na cláusula CUARTA. 2º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do precontrato.

3º.- O acordo unánime dos asinantes.

4º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o precontrato.

A resolución do precontrato por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

5º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do precontrato.

6º.-Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras lei

SÉTIMO: Réxime xurídico.

O presente precontrato rexerese polo Código Civil e, no que resulte pertinente, polos principios da Lei 33/2003, de 3 de novembro ”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1489).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN NAVIA COMO SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA. EXPTE. 20167/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 18/12/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento de local en Navia como sala de lectura-biblioteca (20.167-240)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal o 14 de decembro de 2018:

1. OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO, S.L.
2. PRADO LAMEIRO, S.L.
3. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento de local en Navia como sala de lectura-biblioteca (20.167-240) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORECO, S.A.	93,10
2	COPCISA, S.A.	90,01

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(1490).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA. FASE I”. EXPTE. 4887/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/12/18 e o informe xurídico de data 11/12/18, dáse conta do informe-proposta de 18/12/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a

xefa do Servizo de Contratación, e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

Á vista do informe de fiscalización de data 18 de decembro, no que detectan un erro na partida orzamentaria, procédese a emitir novamente o informe coa subsanación solicitada.

I.- ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local de data 3 de agosto de 2017, acordou: «Aprobar o Proxecto básico e de execución da Humanización da Rúa Colombia, Fase I”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Eloy Fernández-Valdés Matínez-Estéllez de data decembro de 2016, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS OITENTA E TRES MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS CON VINTE SEIS CÉNTIMOS (483.360,26 €).

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 26 de abril de 2018, entre outros, acordou: “Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Colombia (4.887-440) por un prezo total de 357.203,23 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 61.993,95 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

3.- Con data 2 de maio de 2018 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza, resolveu nomear como titulares da Dirección Facultativa das obras ao Enxeñeiro Técnico Municipal, D. JORGE MUÑOZ RAMA, e ao Enxeñeiro Técnico en Topografía, D. PABLO SAAVEDRA SALGUEIRO.

4.- Con data 4 de maio de 2018 formalizase o contrato das obras de “Humanización da Rúa Colombia, Fase I” entre o Concello de Vigo e Xestión Ambiental de Contratas S.L.

5.- Con data 28 de maio de 2018 fírmase a ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO, dando comezo as obras ao día seguinte.

6.- Con data 26 de setembro de 2018, a Dirección facultativa da obra solicita ao órgano de contratación autorización de inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA. FASE I”, xa que detéctanse durante á execución das obra unha serie de circunstancias que levan implícito a necesidade de modificar as unidades de obras previstas inicialmente.

7.- Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local, en data 25 de outubro de 2018, acordou: “Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA. FASE I” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Eloy Fernández-Valdés Matínez-Estéllez.”



Concello de Vigo

En consecuencia, levántase ACTA DE SUSPENSIÓN TEMPORAL PARCIAL DAS OBRAS en data 26 de outubro de 2018.

8.- Pola dirección facultativa da obra emítese informe que consta no expediente, de data 04 de decembro de 2018, no seguinte sentido:

I.- ANTECEDENTES

1.- O Proxecto de execución da obra "HUMANIZACIÓN DÁ RÚA COLOMBIA. FASE I", foi redactado por E.F. Ingenieros, SL, atendendo ao encargo da área de Fomento do Concello de Vigo, aceptado o orzamento de redacción, en agosto de 2016.

2.- A Xunta de Goberno Local adopta aprobar o Proxecto básico e de execución de "Humanización dá rúa Colombia, Fase I" con data de agosto de 2017, cun orzamento de licitación máis IVE de CATROCENTOS OITENTA E TRES MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (483.360,26 €).

3.- A obra foi adxudicada definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local á empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S. L., con data do 26 de abril de 2018, e asinado o preceptivo contrato o 4 de maio de 2018, por un importe líquido de execución de TRESCENTOS CINCUENTA E SETE MIL DOUSCENTOS TRES EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (357.203,23 €), e un prazo de execución de SEIS meses.

4.- A acta de comprobación do reformulo asínase con data 28 de maio de 2018 tomándose o día seguinte como data de inicio da obra.

5.- Con data 26 de setembro de 2018 a Dirección Facultativa emite informe técnico para a autorización do inicio do expediente administrativo para a modificación do proxecto "HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA. FASE I".

6.- O 23 de outubro de 2018 emítese o informe de fundamentos técnicos e xurídicos de proposta para a autorización da modificación do proxecto de obras "HUMANIZACIÓN DÁ RÚA COLOMBIA. FASE I".

7.- A Xunta de Goberno Local adopta aprobar a proposta contida no informe precedente na súa sesión de data 25 de outubro de 2018.

8.- Levántase acta de suspensión temporal parcial das obras con data de 26 de outubro de 2018.

II.- MODIFICACIÓNS.

Tal como menciona o informe con data 26 de setembro de 2018 emitido pola dirección de obra no apartado II. Xustificación técnica para a solicitude de modificado, o cal se cita textualmente:

"Unha vez realizado o reformulo da obra comezáronse os traballos de demolición da beirarrúa da cara Norte, así como a instalación dos diferentes servizos que discorren por debaixo desta (pluviais, instalación de electricidade, alumado público e abastecemento, entre outros). Por outro lado comezouse a instalación dunha nova tubaría de saneamento (fecais) que discorre sensiblemente polo centro do vial. Con posterioridade realizáronse os

traballos de construción da nova beirarrúa orientada na cara Norte, estando a día de hoxe executada case na súa totalidade.

Unha vez finalizados os traballos descritos no parágrafo anterior, procedeuse a pasar o fluxo peonil pola beirarrúa construída e a demoler a beirarrúa orientada ao Sur.

Dentro das demolicións previstas o proxecto contemplaba a demolição dunha escaleira cun acceso cego a unha parcela que obstaculizaba e disminuía ancho da beirarrúa en todo seu percorrido. Unha vez finalizada a demolição desta escaleira procedeuse á limpeza e inspección visual do estado do paramento vertical do muro, observándose vicios ocultos pola escaleira de fixacións que poden repercutir na estabilidade desta estrutura e podería poñer en risco a seguridade dos peóns que transitan pola zona, polo que considérase necesario a consolidación da contención existente.

Todas as consideracións anteriores demandan a necesidade de modificar algunhas das unidades de obra previstas no proxecto e será necesario incorporar novas unidades que poderían incrementar na base económica inicial do proxecto”.

Estudada pola Dirección Facultativa a circunstancia arriba descrita, considérase necesario a redacción dun proxecto que recolla a demolição do existente e construción dun novo muro de contención das terras da parcela situada entre a rúa Hortelana e a travesía do Barrio de Ribadavia, na “beirarrúa par”, enfronte do número 3.

En consecuencia, considerando necesaria a modificación técnica do proxecto orixinal, redáctase o presente, que modifica a aquel, para a súa aprobación, se procede, polo Órgano de Contratación, con obxecto de dar continuidade aos traballos.

Proposta de modificacións no Proxecto.

En relación a xustificación do presente expediente de modificado, debemos atender a que no artigo 15.a das Follas Específicas do Contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas se prevé a modificación do contrato.

No seu apartado c) sobre as circunstancias que determinan a modificación, contempla o **estado das contencións existentes**. Tal é o caso da obra onde, o inicio dunha demolição prevista no proxecto revela o estado de inseguridade dun muro de contención. Circunstancia que non se poden advertir a nivel do proxecto, detectándose só en fase de obra.

Atendendo ao apartado 15.b, sobre os aspectos a modificar, recolle a posibilidade de modificacións en unidades de obra de demolicións e pavimentos, firmes, residuais, pluviais, rego , enerxía, iluminación pública, semaforización, telecomunicacións, sinalización e balizamento, xardinería, mobiliario e ornamentación.

E en relación a este ámbito das unidades de obra, nos seguintes puntos descríbense as modificacións estruturadas nos capítulos establecidos no Presuposto do Proxecto; todas as modificacións plantexadas atenden a circunstancia xustificativa para a modificación do contrato recollida no apartado 15.c das FEC “**estado das contencións existentes**”.



Concello de Vigo

1.- DESGLOSE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO.

Nos seguintes apartados se recollen as circunstancias que producen as variacións de medición amosadas no orzamento, como consecuencia das novas obras introducidas e actualizado o estado de medición da obra no momento previo á redacción do modificado.

1.1. Demolicións e desmontaxes.

Produce un incremento nalgunas das unidades deste capítulo.

1.2. Firmes e pavimentos.

A aplicación dun firme reforzado para a calzada, a fin de protexer os servizos e canalizacións a escasa profundidade, incrementa o importe deste capítulo.

1.3. Residuais.

Aumentase o número de pozos de rexistro e diminúe o número de arquetas domiciliarias precisas.

1.4 Pluviais.

Redúcense os volumes de escavación, o número de pozos e sumidoiros.

1.5 Rego.

Incrementábase a lonxitude de canalización e diminúe o número de arquetas realmente executadas.

1.6 Enerxía.

Preséntase unha variación da lonxitude de canalización.

1.7 Alumado público.

Presenta variacións.

1.8 Semaforización.

Non se prevé alteracións.

1.9 Telecomunicacións.

Non se prevé alteracións.

1.10 Señalización e balizamento.

Non se prevé alteracións.

1.11 Xardinería.

Non se prevé ningunha alteración.

1.12 Mobiliario e ornamentación.

Non se prevé alteracións

1.13 Xestión de Residuos

O aumento de medición neste capítulo radica, principalmente, ao recoller as actuacións das obras relativas ao novo muro de contención.

1.14 Seguridade e Saúde.

Non se prevé alteracións para este capítulo.

1.15 Varios.

Non se prevé alteracións.

1.16 Muro.

Este capítulo recolle o motivo que xustifica o proxecto modificado, para o cal é preciso a introducción de cinco unidades novas que non figuran no proxecto orixinal. Quedan definidas do modo seguinte:

m³. Excavación en desmonte de la explanación en todo tipo de terreno, incluso roca, con medios mecánicos, terminación y refino de la plataforma, perfilado de talud y transporte de los productos sobrantes a acopio.

DIECISIETE EUROS con NOVENTA CÉNTIMOS

m³. Excavación en desmonte de la explanación y préstamos, en roca, terminación y refino de la plataforma, perfilado de taludes, formación de cunetas y transporte de los productos a lugar de empleo y sobrantes a acopio.

VEINTICUATRO EUROS con OCHENTA Y UN CÉNTIMOS

m³. Muro de bloques de piedra de granito con hiladas de 0,60 m de espesor mínimo, cada bloque se apoyará por su cara inferior en otros dos al menos, cada dos sogas habrá un tizón de profundidad mínima vez y media la de la hilada, la coronación será continua con impostas de perpiaño de un espesor de 0,20 m y 0,05 m de goterón y el intradós tendrá un desplome de 0,10 m por metro. Ripiado y terminado s/planos sección.

CIENTO CUARENTA EUROS con DIECINUEVE CÉNTIMOS

m³. Formación de rellenos localizados en zanjas, trasdós obras de fábrica etc., con suelos adecuados o seleccionados procedentes de la excavación o de préstamos, extensión en tongadas y compactación con los espesores y grados exigidos.

DIECIOCHO EUROS con CUARENTA Y TRES CÉNTIMOS

m³. Base granular con árido de piedra machacada 40/70, extendida y compactada, incluso transporte y recebo.

TREINTA Y SEIS EUROS con DIECISIETE CÉNTIMOS



Concello de Vigo

A repercusión económica deste capítulo queda reflectida na seguinte táboa:

CAPÍTULO	CÓDIGO	ACTIVIDADES	UD	PRECIO	PROYECTO		MODIFICADO		DIFERENCIA
					MEDICIÓN	IMPORTE	MEDICIÓN	IMPORTE	
MURO	XMTDES011	Excavación desmonte en todo t.t. incluso roca	m ³	17,90		0,00	95,615	1.711,51	-17.929,55
	XMTDES007	Excavación desmonte en roca	m ³	24,81		0,00	23,904	593,06	
	DEMUR003	Demolición fábrica de hormigón	m ³	47,28		0,00	41,282	1.951,81	
	XFIGRA002	Base granular ext. y comp. ilrecho	m ³	36,17		0,00	4,890	176,87	
	HOMAS003	Hormigón HM-20/B/25/I base aceras/calzad	m ³	103,64		0,00	3,287	340,66	
	XCAMUR001	Muro bloques de piedra de granito	m ³	140,19		0,00	79,626	11.162,77	
	DRDRE005	Dren subtt.tubo PVC abov.D=160 mm geotex	m	27,71		0,00	20,000	554,20	
	DRDRE002	Geotextil en separación refuerzos coloc	m ²	1,70		0,00	109,178	185,60	
	XMTREL001	Relleno localizado suelo adecua. O selec.	m ³	18,43		0,00	57,421	1.058,27	
	DRARQ020	Arqueta de HM-20/B/25/I de 0,40x0,40 m	Ud	194,80		0,00	1,000	194,80	
TOTAL MURO						0,00		17.929,55	

III- CONCLUSIONES.

As citadas modificacións, propostas no presente Modificado n.º 1 das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA. FASE I", estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial, que son de interese público e que as mesmas se atopan contempladas nos ámbitos do definido no apartado 15.b das FEC, tal como se define no presente informe. Así mesmo, considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se plantean non alteran as condicións esenciais de adxudicación e de licitación, recollidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que rexen a contratación das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA. FASE I".

Para a creación dos prezos contraditorios recollidos no presente proxecto modificado nº 1, tomáronse os prezos referidos a data de licitación das obras e se determinaron coas mesmas bases que as do proxecto aprobado.

As modificacións propostas neste expediente, en base ao exposto anteriormente, cuantitativamente queda resumidas a continuación:

		ORIGINAL (€)	MODIFICADO (€)	
Nº	CAPÍTULO	ORIGINAL (€)	MODIFICADO (€)	DIFERENCIA
1	DEMOLICIONES Y DESMONTAJES	20.886,04	23.068,47	2.182,43
2	FIRMES Y PAVIMENTOS	96.862,10	116.852,92	19.990,82
3	RESIDUALES	21.656,27	26.555,40	4.899,13
4	PLUVIALES	29.789,27	19.444,66	-10.344,61
5	RIEGO	8.481,96	7.323,62	-1.158,34
6	ENERGÍA	4.421,18	4.704,85	283,67
7	ALUMBRADO PÚBLICO	39.506,27	39.588,34	82,07
8	SEMAFORIZACIÓN	4.250,27	4.250,27	0,00
9	TELECOMUNICACIONES	268,95	268,95	0,00
10	SEÑALIZACIÓN Y BALIZAMIENTO	3.683,65	3.683,65	0,00
11	JARDINERÍA	15.722,73	15.722,73	0,00
12	MOBILIARIO Y ORNAMENTACIÓN	40.767,53	40.767,53	0,00
13	GESTIÓN DE RESIDUOS	6.092,84	7.976,83	1.883,99
14	SEGURIDAD Y SALUD	15.301,10	15.301,10	0,00
15	VARIOS	28.000,00	28.000,00	0,00
16	MURO	0,00	17.929,55	17.929,55
IMPORTE EJECUCIÓN MATERIAL		335.690,16	371.438,87	35.748,71
13,00% Gastos generales de la empresa, financieros, cargas fiscales, tasa de la administración y demás gastos derivados de las obligaciones del contrato		43.639,72	48.287,05	4.647,33
6,00% Beneficio industrial		20.141,41	22.286,33	2.144,92
SUMA DE G.G. y B.I.		63.781,13	70.573,38	6.792,25
PRESUPUESTO BASE DE EJECUCIÓN (SIN IVA)		399.471,29	442.012,25	42.540,96
21,00 % I.V.A.		83.888,97	92.822,57	8.933,60
PRESUPUESTO BASE DE EJECUCIÓN (CON IVA)		483.360,26	534.834,82	51.474,56
Coeficiente de adjudicación: 0,261000004		-126.157,03	-139.591,89	-13.434,86
IMPORTE LÍQUIDO GLOBAL CONTRACTUAL		357.203,23	395.242,93	38.039,70
ADICIONAL LÍQUIDO DE CONTRATA:				
PRESUPUESTO PROYECTO ORIGINAL		357.203,23		
PRESUPUESTO PROYECTO MODIFICADO Nº1		395.242,93		
ADICIONAL RESULTANTE		38.039,70		

Asciende el ADICIONAL LÍQUIDO RESULTANTE a la expresada cantidad de TREINTA Y OCHO MIL TREINTA Y NUEVE EUROS con SETENTA CÉNTIMOS. (38.039,70 €), que representa el 10,649316% del Presupuesto original adjudicado.



Concello de Vigo

Nº	CAPÍTULO	MODIFICACIÓNS XUSTIFICADAS SEGÚN ART. 15 DAS FEC	VARIACIÓN DE MEDICIÓN SEGÚN ART. 242.4i LCSP	DIFERENCIA TOTAL (€)
1	DEMOLICIONES Y DEMONTAJES		2.182,43	2.182,43
2	FIRMES Y PAVIMENTOS		19.990,82	19.990,82
3	RESIDUALES		4.899,13	4.899,13
4	PLUVIALES		-10.344,61	-10.344,61
5	RIEGO		-1.158,34	-1.158,34
6	ENERGÍA		283,67	283,67
7	ALUMBRADO PÚBLICO		82,07	82,07
8	SEMAFORIZACIÓN			0,00
9	TELECOMUNICACIONES			0,00
10	SEÑALIZACIÓN Y BALIZAMIENTO			0,00
11	JARDINERÍA			0,00
12	MOBILIARIO Y ORNAMENTACIÓN			0,00
13	GESTIÓN DE RESIDUOS	1.366,30	517,69	1.883,99
14	SEGURIDAD Y SALUD			0,00
15	VARIOS			0,00
16	MURO	17.929,55		17.929,55
TOTAL EJECUCIÓN MATERIAL (€)		19.295,85	16.452,86	35.748,71
%		5,75%	4,90%	10,65%

En relación as unidades de obra expostas anteriormente e recollidas no ámbito das modificacións contempladas no apartado 15 das FEC, indicase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación o prezo do contrato, non supera as limitacións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Contrato, xa que no apartado 15d das FEC, *Límites da modificación*, sinala que a contía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato.

Ademais, tendo en conta o artigo 160.2 do Regulamento 1098/2001, recóllense no presente modificado as lixeiras variacións das medicións de certas unidades existentes no proxecto orixinal que non igualan nin exceden, en máis ou en menos ao 10% do prezo de adjudicación do contrato, polo que se dá cumprimento ao artigo 242.4i da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.”

9.- Polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos emítese informe de supervisión do proxecto de data 04.12.2018, que consta no expediente, do que procede transcribir o que segue:

“A documentación do proxecto cumpre os obxectivos do contrato de redacción e considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de

carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos legais esixidos de conformidade coa lexislación vixente e actualmente regulados no artigo 235 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece na súa Disposición transitoria primeira que a normativa relativa aos efectos, cumprimento, extinción, modificación, duración e réxime de prórrogas, se aplicará a todos os contratos administrativos, salvo a aqueles adxudicados con anterioridade a entrada en vigor da Lei. No presente caso, segundo consta nos antecedentes, o contrato administrativo foi adxudicado con posterioridade á entrada en vigor da LCSP, o que determina que o réxime da súa modificación rexerese pola normativa vixente.

II.- O artigo 190 da LCSP establece que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificarlos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso régulanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP , no apartado 15 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 9 de novembro de 2017, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra de demolicións e pavimentos, firmes, residuais, pluviais, rego, enerxía, iluminación pública, semaforización,



Concello de Vigo

telecomunicacións, sinalización e balizamento, xardinería, mobiliario e ornamentación.

- Circunstancias que determinan a modificación:
 - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
 - Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos urbanos, deseño, esquema funcional ou seguridade vial, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

IV.- As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratatalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executatalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
 - a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.

- b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
- c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 206 e 242.1 da LCSP).

Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

V.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204 e 206 da LCSP así como do apartado 15 FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local) de data 15.10.2018.

3º.- Consta no trámite 257 do expediente dixital audiencia do redactor do proxecto, sen que formulara consideracións ao mesmo.

4º.- Consta no trámite 356 do expediente dixital audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos e a conformidade deste á modificación e aos prezos das novas unidades de obra no proxecto modificado.

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 04.12.2018.

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3b)da LCSP).

8º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación realizada en base ao artigo 204 da LCSP respecta o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:



Concello de Vigo

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno)

VI.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA COLOMBIA. FASE I”** redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal D. Jorge Muñoz Rama e polo Enxeñeiro Técnico en Topografía D. Pablo Saavedra Salgueiro, cun importe adicional de 35.748,71 € PEM, o que supón un incremento adicional líquido de 38.039,70 €, supoñendo un 5,75% sobre o prezo de adxudicación por causas xustificadas contempladas no apartado 15d das FEC e un 4,90% por variacións de medicións (artigo 242 da LCSP).

2º.- Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 1532.619.00.62, a cal conta con crédito adecuado e suficiente.

3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1491).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE NAVIA, MEIXOEIRO, CANDEÁN, A BOUZA E BALTASAR PUJALES-BOUZAS. (LOTE 3). EXPTE. 86/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 18/12/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

f) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441) (lote 3)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento á UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT do lote 3 por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentou xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	96,42
2	ORECO, S.A.	94,49
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	81,94
4	UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L.	74,09
5	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	20,04

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 3, UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo das garantías definitivas esixibles de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1492).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CANICOVA". EXPTE. 78/441.



Concello de Vigo

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 18/12/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 30 de novembro de 2018 polo que se exclúe a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. deste procedemento por exceder o importe da súa oferta do orzamento base de licitación (cláusula 14.2 do PCAP).

Segundo.- Excluír deste procedemento a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 12 de decembro de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	95,08
2	ORECO, S.A.	60,76

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1493).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN NAVIA COMO SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA. EXPTE. 20167/240.

A Xunta de Goberno retira este asunto por duplicidade, xa que se tratou no punto 5 da mesma convocatoria.

10(1494).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA TRAVESÍA ESCOLAS PÚBLICAS”. EXPTE. 122/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 20/12/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa Travesía Escolas Públicas (122-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 5 de decembro de 2018 polo que non se admite no procedemento a EXPLOTACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións esixidos nas cláusulas 13 e 14 do PCAP e non respectar o segredo das proposicións.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha en prazo:

1. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
2. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
3. SELVIGO
4. FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa Travesía Escolas Públicas (122-441) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

	Licitadores	Puntuación
1	MONTAJES J. M. IGLESIAS, S.L.	100,00
2	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	99,69
3	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	99,58
4	SITEXCA 2016, S.L.	99,25
5	ELSAMEX, S.A.	99,19
6	INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO, S.L.	98,98
7	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	98,73
8	NAROM, S.L.	98,50
9	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACION Y VIALES, S.L.	97,34
10	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.	96,19
11	LOPEZ y LEIS, S.A	95,00
12	CONSTRUCCIONES ALEA SOCIEDAD LIMITADA	93,98
13	SESTRAMA IBERICA, S.L.	93,22
14	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	91,33
15	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA	89,45
16	PROYECON GALICIA SA	85,19
17	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	78,81
18	ORECO, SA	57,87
19	NEMESIO ORDOÑEZ SA	13,87

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES J. M. IGLESIAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

11(1495).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO CONSTRUCTIVO DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANTELAS”. EXPTE. 119/441.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 20/12/18, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación por das obras do proxecto construtivo de beirarrúas na rúa Mantelas (119-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha en prazo:

1. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
2. FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación por das obras do proxecto construtivo de beirarrúas na rúa Mantelas (119-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	100,00
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	99,91
3	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	99,80
4	MONTAJES J M IGLESIAS, S.L.	99,71
5	EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U.	99,56
6	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	99,42
7	NAROM, S.L.	98,50
8	ELSAMEX, S.A.	97,53
9	COPCISA, S.A.	94,09
10	UTE EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L. - CONSTRUCCIONES ALEA SOCIEDAD LIMITADA	90,40
11	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.	89,89



Concello de Vigo

	Licitadores	Puntuación
12	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	69,35
13	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	62,85
14	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	57,88
15	ORECO, S.A.	52,76

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

12(1496).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 116/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/12/18, dáse conta do informe-proposta de 19/12/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, Pazo de Congressos e dependencias do Concello de Vigo (116-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, Pazo de Congressos e dependencias do Concello de Vigo (116-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 5 de decembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, Pazo de Congressos e dependencias do Concello de Vigo (116-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva.
- Acreditación da solvencia económica esixida no apartado 5 das FEC, así como da habilitación esixida no apartado 5F (“deberá figurar no listado de comercializadores de gas natural que publica a Comisión Nacional de Energía na súa páxina web”). A solvencia técnica xa foi presentada na proposición”.



Concello de Vigo

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., o día 7 de decembro de 2018, que presenta a documentación requirida 17 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A única oferta presentada e admitida é a formulada por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., a quen a Mesa de Contratación na sesión do 5 de decembro de 2018 acordou outorgar a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, Pazo de Congressos e dependencias do Concello de Vigo (116-441) por un prezo total de 87.000

euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.099,17 euros, e un prezo ofertado de 62.963,13 (€/cuadrimestre) do termo variable total.

Os prezos para as tarifas previstas no apartado 3.G.2 do Anexo I FEC do PCAP serán os seguintes:

Tarifa acceso	Consumos estimados (Kwh/cuadrimestre)	Termo variable prezos unitarios ofertados (€/kwh)	Termo variable prezos ofertados (€/cuadrimestre)
3.1	11,64	5,9486	0,69
3.2	52.686,42	5,3347	2.810,66
3.3	286.531,48	4,7051	13.481,59
3.4	1.062.158,42	4,3939	46.670,18
Total			62.963,13

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1497).- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2018 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 11219/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de 13/12/18, asinado polo xefe dos Servizos Centrais, o Xerente de Urbanismo, o secretario da Xerencia de municipal de Urbanismo e a concelleira-delegada de Urbanismo, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.



Concello de Vigo

Con data 27 de decembro de 2017 aprobouse con carácter definitivo o Orzamento do Concello para o exercicio 2018, incluíndo o do Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo". Dito Orzamento, no seu Anexo de Persoal, incluía o seguinte cadro de persoal:

A) FUNCIONARIOS DE CARRERA:

DENOMINACION DA PRAZA	NºPRAZAS	ESCALA	SUBESCALA	CLASE
ARQUITECTO	11	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE ADMON.XERAL	12	ADMON.XERAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO SUPERIOR SERVIZOS ECONÓMICOS	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE SISTEMAS	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO SUPERIOR INDUSTRIAL	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO SUPERIOR URBANISMO	2	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO TÉCNICO OO.PP.	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUITECTO TÉCNICO	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ENXEÑEIRO TÉCNICO IND.	2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TECNICO MEDIO OBRAS PÚBLICAS	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TÉCNICO MEDIO SERV.EC.	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUIVEIRO	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
PROGRAMADOR INFORMÁTICA	2	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
INSPECTORES DE URBANISMO	6	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
ADMINISTRATIVO	30	ADMON XERAL	ADMVO.	
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	4	ADMON.XERAL	AUXILIAR	
AUXILIAR REPROGRAFÍA-DIXITALIZACIÓN	1	ADMON. ESPECIAL	COM.ESP.	
ALGUACIL-NOTIFICADOR-ORDENANZA	2	ADMON. XERAL	SUBALTERNO	

SUBTOTAL 1 = 81

B) ORGANO DIRECTIVO: XERENTE.

SUBTOTAL 2 = 1

TOTAL = 82

Destas prazas se encontran vacantes na actualidade:

- 5 prazas de técnico de administración xeral (2 ocupadas interinamente).
- 1 praza de enxeñeiro superior industrial (ocupada interinamente).
- 1 praza de arquitecto (ocupada interinamente).
- 1 praza de inspector de urbanismo (na OEP 2016).
- 3 prazas de administrativo (2 na OEP 2016).

- 2 prazas de auxiliar administrativo (1 na OEP 2017).

De conformidade co falado cos representantes sindicais deste Concello de Vigo e coas necesidades desta Xerencia Municipal de Urbanismo proponse incluír na oferta de emprego público deste ano 2018 as seguintes cinco prazas:

- 2 prazas de técnico de administración xeral (ocupadas interinamente desde 2010).
- 1 praza de enxeñeiro superior industrial (ocupada interinamente desde 2009).
- 1 praza de arquitecto (ocupada interinamente desde 2009).
- 1 praza de auxiliar administrativo.

As prazas de técnico de administración xeral, a de enxeñeiro superior industrial e a de arquitecto forman parte das medidas para a mellora do emprego público incluídas no Acordo Goberno-Sindicatos publicado no BOE de 26.03.2018 (Resolución do Ministerio de Facenda e Función Pública de 22 de marzo de 2018), para persoal interino con máis de tres anos de antigüidade o 31 de decembro de 2017. Estas prazas están ocupadas por persoal interino que reúne dita condición, en concreto:

- Nunha praza de arquitecto: Gustavo Mallo Camaño, interino desde 01.07.2009.
- Nunha praza de enxeñeiro superior industrial: José Collazo Martínez, interino desde 20.07.2009.
- Nunha praza de técnico de administración xeral: Marcos Vitorro Gómez, interino 07.05.2010.
- Nunha praza de técnica de administración xeral: Ana Belén Louro Pais, interina desde 07.05.2010.

A praza de auxiliar administrativo resérvase á quenda de promoción interna.

II.- Fundamentación xurídica.

Unha vez aprobado o cadro de persoal, de conformidade co previsto no artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a Corporación Local debe formular a súa Oferta de Emprego Público, de forma que a selección do persoal se efectúe a través da mesma, garantindo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Consonte ó disposto polo artigo 70.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), "as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de emprego público...".

Os apartados 2º e 3º do propio artigo 70 do TRLEBEP establecen:



Concello de Vigo

"2.- A Oferta de emprego público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondente.

3.- A oferta de emprego público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos."

Por outra parte, a Administración ten a obriga de fomentar a promoción interna do seu persoal. O artigo 18.4 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece que "as Administracións Públicas adoptarán medidas que incentiven a participación do seu persoal nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional". Dita promoción interna configúrase, ademais, como un dos dereitos individuais dos funcionarios (artigo 14.c do propio TRLEBEP).

O artigo 19 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, establece (extractando o seu contido):

"Uno. 1. La incorporación de nuevo personal en el sector público delimitado en el artículo anterior ... estará sujeta a los límites y requisitos establecidos en los apartados siguientes.

Se exceptúa de lo dispuesto en el párrafo anterior la incorporación de personal que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores ...

En todo caso, la oferta deberá atenerse a las disponibilidades presupuestarias del capítulo I del presupuesto de gastos.

2. Las Administraciones Públicas que en el ejercicio anterior hayan cumplido los objetivos de estabilidad presupuestaria y deuda pública y la regla de gasto, tendrán una tasa de reposición del 100 por cien. Adicionalmente, podrán disponer de una tasa del 8 por ciento destinada a aquellos ámbitos o sectores que requieran un refuerzo de efectivos, siempre dentro del marco de la estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera. Este porcentaje adicional se utilizará preferentemente cuando se dé, entre otras, alguna de las siguientes circunstancias: establecimiento de nuevos servicios públicos, incremento de actividad estacional por la actividad turística o alto volumen de jubilaciones esperadas. Para las entidades locales, los límites de deuda serán los que fijen las Leyes de Presupuestos Generales del Estado o la legislación reguladora de las haciendas locales en materia de autorización de operaciones de endeudamiento.

El porcentaje de tasa adicional será del 10 por ciento para las entidades locales que, además de los requisitos anteriores, tuvieran amortizada su deuda financiera a 31 de diciembre del ejercicio anterior.

.../.../...

7. Para calcular la tasa de reposición de efectivos, el porcentaje de tasa máximo fijado se aplicará sobre la diferencia resultante entre el número de empleados fijos que, durante el ejercicio presupuestario anterior, dejaron de prestar servicios en cada uno de los respectivos sectores, ámbitos, cuerpos o categorías, y el número de empleados fijos que se hubieran incorporado en los mismos, en el referido ejercicio, por cualquier causa, excepto los procedentes de ofertas de empleo público, o reingresado desde situaciones que no conlleven la reserva de puestos de trabajo. A estos efectos, se computarán los ceses en la

prestación de servicios por jubilación, retiro, fallecimiento, renuncia, declaración en situación de excedencia sin reserva de puesto de trabajo, pérdida de la condición de funcionario de carrera o la extinción del contrato de trabajo o en cualquier otra situación administrativa que no suponga la reserva de puesto de trabajo o la percepción de retribuciones con cargo a la Administración en la que se cesa. Igualmente, se tendrán en cuenta las altas y bajas producidas por los concursos de traslados a otras Administraciones Públicas.

No computarán dentro del límite máximo de plazas derivado de la tasa de reposición de efectivos las plazas que se convoquen para su provisión mediante procesos de **promoción interna** y las correspondientes al personal declarado indefinido no fijo mediante sentencia judicial.

.../.../...

9. Además de lo establecido en el artículo 19.º uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017, se autoriza una tasa adicional para la **estabilización de empleo temporal que incluirá las plazas de naturaleza estructural que, estando dotadas presupuestariamente, hayan estado ocupadas de forma temporal e ininterrumpidamente al menos en los tres años anteriores a 31 de diciembre de 2017** en los siguientes sectores y colectivos: personal de los servicios de administración y servicios generales, de investigación, de salud pública e inspección médica así como otros servicios públicos. En las Universidades Públicas, sólo estará incluido el personal de administración y servicios.

Las ofertas de empleo que articulen estos procesos de estabilización, deberán aprobarse y publicarse en los respectivos Diarios Oficiales en los ejercicios 2018 a 2020 y serán coordinados por los Departamentos ministeriales competentes.

La tasa de cobertura temporal de las plazas incursas en los procesos de estabilización, deberá situarse al final del período, en cada ámbito, por debajo del 8 por ciento.

La articulación de estos procesos selectivos que, en todo caso, garantizará el cumplimiento de los principios de libre concurrencia, igualdad, mérito, capacidad y publicidad, podrá ser objeto de negociación en cada uno de los ámbitos territoriales de la Administración General del Estado, Comunidades Autónomas y Entidades Locales, pudiendo articularse medidas que posibiliten una coordinación entre las diferentes Administraciones en el desarrollo de los mismos.

De la resolución de estos procesos no podrá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto ni de efectivos, debiendo ofertarse en estos procesos, necesariamente, plazas de naturaleza estructural que se encuentren desempeñadas por personal con vinculación temporal.

Con el fin de permitir el seguimiento de la oferta, las Administraciones Públicas deberán certificar al Ministerio de Hacienda y Función Pública, a través de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, el número de plazas ocupadas de forma temporal existentes en cada uno de los ámbitos afectados. Igualmente, las Administraciones Públicas deberán proporcionar información estadística de los resultados de cualquier proceso de estabilización de empleo temporal a través del Sistema de Información Salarial del Personal de la Administración (ISPA).

.../.../...



Concello de Vigo

Cinco. La validez de la tasa autorizada en el apartado uno, números 2 a 6 de este artículo, estará condicionada a que las plazas resultantes se incluyan en una Oferta de Empleo Público que, de conformidad con lo establecido en el apartado 2 del artículo 70 del EBEP, deberá ser aprobada por los respectivos órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas y publicarse en el Boletín Oficial de la Provincia, de la Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, antes de la finalización de cada año.

La validez de dicha autorización estará igualmente condicionada a que la convocatoria de las plazas se efectúe mediante publicación de la misma en el Diario oficial de la Provincia, Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, en el plazo improrrogable de tres años, a contar desde la fecha de la publicación de la Oferta de Empleo Público en la que se incluyan las citadas plazas, con los requisitos establecidos en el párrafo anterior, de conformidad con lo dispuesto en el apartado 1 del artículo 70 del EBEP.

.../.../...

Siete. Los apartados uno, dos, cinco y seis de este artículo tienen carácter básico y se dictan al amparo de los artículos 149.1.13.^a y 156.1 de la Constitución.”

Cabe citar na fundamentación xurídica a derivada do xa nomeado Acordo Goberno-Sindicatos publicado no BOE de 26.03.2018 (Resolución do Ministerio de Facenda e Función Pública de 22 de marzo de 2018), para a dotación de praza ocupadas interinamente por persoal con máis de 3 anos de antigüidade o 31.12.2017. No caso de Xerencia os catro interinos que ocupan praza, teñen unha antigüidade superior todos eles a oito anos.

En consecuencia, na oferta de emprego público proposta para 2018, dáse cumprimento ás previsións contidas na normativa vixente.

III.- Proposta.

A aprobación da oferta de emprego público, consonte ao artigo 3.8 dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo, resérvase ao Concello de Vigo. Toda vez que a Lei 57/2003, do 16 de decembro, residenciou a competencia de aprobación da oferta de emprego público na Xunta de Goberno Local de forma indelegable (artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local), será este órgano o que aprobe a presente proposta.

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, o Consello da Xerencia propondrá á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar a oferta de emprego do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo para o ano 2018, integrada polas seguintes prazas vacantes correspondentes todas a persoal funcionario:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
----	--------------	-------	--------	-----------	-------	--------

2	Técnico Xeral	Admón.	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
1	Arquitecto		A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
1	Enxeñeiro industrial		A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
1	Auxiliar administrativo		C2	Admón. Xeral	Auxiliar	-----	Prom. interna

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en data 20/12/18, acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1498).- PRODUTIVIDADE POR DIFERENCIAS DE FUNCIÓN NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 174/417.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17/12/18, dáse conta do informe-proposta de 12/12/18, asinado polo xefe dos Servizos Centrais, o Xerente de Urbanismo, o secretario da Xerencia de municipal de Urbanismo e a vicepresidenta da Xerencia municipal de Urbanismo:

1.- DIFERENCIA DE FUNCIÓN DE TRES INSPECTORES DE URBANISMO.

1. a) Antecedentes e fundamentación.

Con data 28.12.2017 a Xunta de Goberno Local (expediente 10259/407) acordou :

“Conceder a D. Antonio Alemparte Gonzalvo, D^a. Victoria Romero Gil-Delgado e D. Antonio Cancelo Mariñas, delineantes adscritos a esta Xerencia Municipal de Urbanismo, un complemento de produtividade de 1.276,52 euros, cada un, polo desenvolvemento efectivo das funcións do posto de Inspectores de Urbanismo da Xerencia Municipal de Urbanismo nos exercicios 2016 e 2017”.

Os citados funcionarios, o 13.09.2018, presentan por Rexistro (documento número 180148871) escrito no que solicitan “a asignación dun complemento de produtividade correspondente á diferenza retributiva entre o nivel 18 e o nivel 20, en base o desenvolvemento efectivo das labores propias de INSPECTORES DE URBANISMO, durante o exercicio 2018”.

En efecto, desde o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión do 30.12.2016, que aprobou a modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo, incrementouse o



Concello de Vigo

complemento de destino dos inspectores de urbanismo, pasando do nivel 18 ó 20, sen que afectase ós funcionarios do ente matriz adscritos á Xerencia, por ter as súas retribucións definidas na relación de postos de traballo e no capítulo I do Orzamento do Concello.

Como pon de manifesto a xefa de Disciplina Urbanística (informe de 11.12.2018 anexoado ó presente expediente), existe unha identidade total nas funcións que desenvolven os funcionarios propios do Concello (con praza de delineante) e os desta Xerencia Municipal de Urbanismo (praza e posto de inspector de urbanismo).

Esta Xerencia Municipal de Urbanismo intentou en 2017 que o Concello de Vigo realizase unha revisión dos citados postos ou que os cedese a este Organismo Autónomo, contando coa conformidade dos funcionarios implicados e dos representantes sindicais. O Concello de Vigo non atendeu ditas peticións, polo que, para paliar os agravios comparativos nas retribucións asignadas, propónse a concesión dun complemento de produtividade.

1.b) Fundamentación xurídica.

En relación co principio de igualdade que debe inspirar a actuación pública, ademais dos fundamentos xurídicos utilizados pola xefa do Servizo de Disciplina Urbanística desta Xerencia (artigos 14 e 23 da Constitución, xurisprudencia e doutrina constitucional) debe terse en conta o previsto pola normativa do emprego público: artigo 1.3.b) e 14 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 (TRLEBEP) e artigo 3.1.b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

É importante salientar que os funcionarios reclamantes desenvolven funcións de inspección urbanística determinadas por normas de rango legal. Así o artigo 151.1 da vixente Lei do solo de Galicia (Lei 2/2016, de 10 de febreiro) expresa que “a inspección urbanística é a actividade que os órganos administrativos competentes en materia de edificación e uso do solo deben realizar coa finalidade de comprobar que unha e outro se axustan ao ordenamento urbanístico”, engadindo o apartado 2 que “o persoal funcionario adscrito á inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade”.

Constátase que os funcionarios reclamantes na actualidade teñen asignado un complemento de destino correspondente ó nivel 18 e que realizan as mesmas funcións de inspección urbanística que os funcionarios que ocupan postos da RPT do Organismo Autónomo (con nivel 20 desde o 13.03.2017 e efectos retributivos desde o 1.01.2016). Todos eles seguen o mesmo Plan de Inspección aprobado por esta Xerencia, soportan a mesma carga de traballo e teñen acreditado igual mérito e capacidade.

As condicións retributivas dos funcionarios reclamantes están determinadas na relación de postos de traballo do ente matriz deste Concello de Vigo (postos co código 421.06, do documento unificado de RPT publicado no BOP de 7.06.2017) e as súas retribucións presupostadas no capítulo 1 do Orzamento do ente matriz.

En consecuencia, dada a relevancia das funcións desenvoltas polos funcionarios reclamantes e sen prexuízo de que se insista na necesaria modificación con carácter permanente da relación de postos de traballo (do ente matriz ou do Organismo Autónomo si

son adscritos a este), entre tanto é imprescindible retribuír o desenvolvemento efectivo das funcións de inspección urbanística nas mesmas condicións que os funcionarios propios da Xerencia. A tal efecto, propónse a aprobación dun complemento de produtividade que permita a mencionada equiparación.

Na vixente instrución terceira de plantilla do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra nº 220, de 16.11.2010, exprésase que “en todo caso retribuirase: ... b) Desempeño de postos de superior categoría: o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos.”

No caso que nos ocupa tres funcionarios, con nivel 18, están realizando as funcións dos postos de inspectores de urbanismo deste Organismo Autónomo, con nivel 20. Polo tanto, pode asimilarse totalmente esta situación como a prevista na citada instrución.

En calquera caso, a retribución cun complemento de produtividade debe considerarse como unha medida limitada no tempo e non debe evitar a obrigada adecuación dos niveis retributivos dos postos as funcións desenvoltas, de forma que non se produzan agravios comparativos.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata o desenvolvemento legislativo posterior, consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma e vista a derogación expresa do artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ó preceptuado no artigo 22. Un. E) da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 (BOE nº 161 de 4 de xullo), que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

1. c) Cálculo da produtividade proposta.

O importe do complemento de produtividade equivale á diferenza entre os niveis 18 e 20 de complemento de destino relativo ó exercicio 2018 (tendo en conta a diferenza entre o primeiro e o segundo semestre): 651,84 €/ano por funcionario (importe asignado a Victoria Romero Gil-Delgado e a Antonio Alemparte Gonzalvo). No caso de Antonio Cancelo Mariñas, que se xubila o 26.12.2018, o importe será de 645,62 euros. En consecuencia, para os tres funcionarios, o complemento de produtividade ascende a 1.949,30 euros.

Achégase retención de crédito por dito importe (RC nº 201800003496) con cargo ó Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo (partida 1510.1500000).

2.- DIFERENCIA DE FUNCIÓN DE UN DELINEANTE QUE DESENVOLVE AS FUNCIÓN DE XEFE DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

2. a) Antecedentes e fundamentación.



Concello de Vigo

Con data 8.11.2018 (documento 180179402) D. José Ramón Otero Fernández, funcionario do Concello adscrito a esta Xerencia de Urbanismo, con praza de delineante, expón:

- “No ano 2016 lévase a cabo a miña adscrición temporal á oficina de información da Xerencia de Urbanismo ó posto co código 252 de “xefe/a de Información Urbanística”.
- No período novembro 2017 – novembro 2018, aínda que sego exercendo a mesma función, denegóuseme o cobro desta Xefatura por parte do departamento de Recursos Humanos do Concello de Vigo”.

Solicitando a continuación “poder cobrar esta diferenza de función a cargo da Xerencia de Urbanismo”.

Esta disfunción xa foi advertida por esta Xerencia Municipal de Urbanismo, que trasladou oficio ó departamento de Recursos Humanos do Concello, asinado pola Vicepresidente con data 8.01.2018, onde se expresaba:

“Dado que o funcionario segue prestando o seu servizo nas mesmas condicións, exerce todas as funcións do posto e reúne os requisitos requiridos no seu desempeño, solicítase a prórroga do seu nomeamento provisional como “Xefe/a da oficina de información Xerencia de Urbanismo (código 252)”, en tanto no se execute e resolva o concurso de traslados.

De non ser posible a adscrición provisional ou a comisión de servizos, solicítase se tramite unha encomenda das funcións do posto de “xefe/a da oficina de Información Urbanística” o que suporá o desempeño dun posto de superior categoría e a asignación dun complemento de produtividade por importe equivalente á diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos, consonte co disposto nas vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo.

Tendo en conta a actual relación xerárquica directa entre a oficina de Información Urbanística e esta Xefatura da Xerencia, maniféstase que a motivación da urxente e inaprazable provisión deste posto ven derivada de que a función de información urbanística considerase totalmente necesaria nun servizo definido como “prioritario”, no acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2014 (e rectificación de 29/08/2014). A provisión da xefatura desta oficina é imprescindible para o seu funcionamento: coordina o seu funcionamento interno e co resto das unidades desta Xerencia Municipal de Urbanismo”.

O Concello non atende a dita solicitude polo que, a efectos de retribuír as funcións efectivamente desenvoltas e responsabilidades asumidas polo funcionario citado, propónse a concesión dun complemento de produtividade. Así mesmo, dito traballador desenvolveu con especial dedicación e rendemento as tarefas encomendadas, tomando iniciativas nos traballos de organización e coordinación. Todo elo sen prexuízo de que se insista na necesaria modificación con carácter permanente da relación de postos de traballo (do ente matriz ou do Organismo Autónomo si son adscritos a este).

Achégase informe destes Servizos Centrais, de data 13.11.2018, remitido a Recursos Humanos do Concello (expediente 32837/220) en relación coas funcións desenvoltas polo xefe da Oficina de Información Urbanística (anexado este informe ó presente expediente, trámite 17).

2. b) Fundamentación xurídica.

Na vixente instrución terceira de plantilla do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra nº 220, de 16.11.2010, exprésase que “en todo caso retribuirase: ... b) Desempeño de postos de superior categoría: o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos.”

En calquera caso, a retribución cun complemento de produtividade debe considerarse como unha medida limitada no tempo e non debe evitar a obrigada adecuación dos niveis retributivos dos postos as funcións desenvoltas, de forma que non se produzan agravios comparativos.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata o desenvolvemento lexislativo posterior, consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma e vista a derogación expresa do artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ó preceptuado no artigo 22. Un. E) da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 (BOE nº 161 de 4 de xullo), que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

2. c) Cálculo da produtividade proposta.

O importe do complemento de produtividade equivale á diferenza entre os niveis 18 (posto de delineante) e 22 (posto de xefe de oficina) de complemento de destino relativo ó período do 10.11.2017 ó 31.12.2018: 1.869,29 euros (199,51 € de 2017 e 1.669,78 € de 2018).

Achégase retención de crédito por dito importe (RC nº 201800003497) con cargo ó Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo (partida 1510.1500000).

3.- DIFERENCIA DE FUNCIÓN DE TRES DELINEANTES DE URBANISMO.

3. a) Antecedentes e fundamentación.

Con data 10.04.2018 D^a María Rosa Villanueva Gómez, D. Antonio Aperador Prieto, D. César Sieiro Cerdeira e D. Enrique Rodríguez Rey, todos eles delineantes do departamento de Cartografía, presentan escrito no que expoñen:

1) Que a Xunta de Goberno Local, en data 30.12.2016, acordou a modificación da relación de postos de traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo, incrementando o complemento de destino dos inspectores de urbanismo do nivel 18 ó nivel 20, con efectos de 1.01.21016. Como consecuencia desta modificación, ós inspectores de urbanismo do Concello, adscritos a este Organismo Autónomo, a Xunta de Goberno Local aproboulles (acordo de 28.12.2017) un complemento de produtividade polas funcións desenvoltas nos exercicios 2016 e 2017.



Concello de Vigo

2) “Que os asinantes pertencen ó persoal do Concello adscritos á plantilla da Xerencia Municipal de Urbanismo desde a súa creación”.

3) “Que tal como figura na Guía de Funcións do posto desempeñan no departamento de Cartografía, a INSPECCIÓN e a elaboración de informes das obras inspeccionadas, é unha das labores cotiás encomendadas polo resto dos departamentos da Xerencia e mesmo do Concello, que de xeito continuo solicitan este tipo de apoio na resolución dos seus expedientes”.

4) “Que resulta unha distinción gravosa a existencia dunha discriminación retributiva sobre persoas que realizan as mesmas funcións, dentro do mesmo organismo autónomo”.

En base a ditos argumentos os funcionarios asinantes solicitan:

“A aprobación dun complemento de produtividade de 1.276 euros, cada un, polo desenvolvemento efectivo das funcións do posto de Delineantes da Xerencia Municipal de Urbanismo, en tanto non se aprobe a adecuación dos postos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2016, e a incorporación ó FONDO DE ADECUACIÓN, asignándolles o COMPLEMENTO DE DESTINO 20 (635,04 €/ano) nas mesmas condicións que o resto de inspectores de urbanismo”.

Consta no expediente 32837/220 informe do mes de novembro pasado do xefe de Cartografía, no que expresa respecto dos delineantes do seu departamento, entre outros extremos, que “resulta perplexo que o seu complemento de destino sexa 2 puntos mais abaixo que o que posúe o grupo de inspectores”, engadindo que os criterios para a modificación realizada “deben ser igualmente válidos para o colectivo do que se me solicita información” (delineantes de Cartografía) e falando de “agravios comparativos”.

O informe do xefe de Cartografía apunta que ademais das funcións xa recoñecidas nas guías, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en 2009, os delineantes de cartografía realizan traballos específicos en relación co planeamento e xestión urbanística, confección de expedientes expropiatorios e investigación, corrección e actualización do Inventario Municipal e do Patrimonio Municipal do Solo (anéxase este informe ó presente expediente, trámite 16).

A solicitude da Xefatura e destes Servizos Centrais emite novo informe o xefe de Cartografía, reiterando o informado a Recursos Humanos no mes de novembro e engadindo:

“En relación coa tramitación dun complemento de produtividade debe deixarse constancia:

1º.- Que efectivamente os delineantes realizan funcións de inspección (incluíndo a elaboración dos pertinentes informes) e así aparece recollido na guía de funcións aprobada en o 21.05.2009 pola Xunta de Goberno Local.

2º.- Que ademais das funcións recollidas na citada guía de funcións, os delineantes arriba citados realizaron traballos que requiriron unha dedicación extraordinaria: reforzamento da atención ó público en Información Urbanística, confección de expedientes expropiatorios e investigación, corrección e actualización do Inventario Municipal e do Patrimonio Municipal do Solo”.

Explicítase neste informe que ditos traballos e dedicación extraordinaria está referida ós exercicios 2016, 2017 e 2018. Informe anexado ó presente expediente como trámite 18.

Compróbase que na guía de funcións, aprobada pola Xunta de Goberno Local o 21.05.2009, figuran as mencionadas funcións de inspección alegadas polos funcionarios reclamantes.

Tamén constata esta xefatura de Servizos Centrais que desenvolven funcións de atención o público, de forma permanente no seu departamento e de forma puntual e como reforzo na oficina de Información urbanística.

3.b) Fundamentación xurídica.

Remitímonos á fundamentación recollida no apartado 1.b), por ter aplicación total neste suposto.

3. c) Cálculo da produtividade proposta.

O importe do complemento de produtividade equivale á diferenza entre os niveis 18 e 20 de complemento de destino relativo ós exercicios 2016, 2017 e 2018 e para os tres funcionarios que seguen en activo (D^a María Rosa Villanueva Gómez, D. Antonio Aperador Prieto e D. César Sieiro Cerdeira): 1.928,36 euros cada un (635,04 € do 2016, 641,48 € do 2017 e 651,84 € do 2018), totalizando 5.785,08 euros.

Achégase retención de crédito por dito importe (RC nº 201800003498) con cargo ó Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo (partida 1510.1500000).

Proposta.

De conformidade co antedito propónse que ó Consello da Xerencia eleve á Xunta de Goberno (competente conforme cos artigos TERCEIRO, apartado 8, e DECIMO, apartado 1.f) dos vixentes Estatutos da Xerencia de Urbanismo e co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local) a adopción do seguinte acordo:

“Conceder ós seguintes funcionarios, adscritos á Xerencia Municipal de Urbanismo, un complemento de produtividade polos seguintes importes:

- D. Antonio Alemparte Gonzalvo: 651,84 euros.
- D^a. Victoria Romero Gil-Delgado: 651,84 euros.
- D. Antonio Cancelo Mariñas: 645,62 euros.
- D. José Ramón Otero Fernández: 1.869,29 euros.
- D^a. Rosa María Villanueva Gómez: 1.928,36 euros.
- D. Antonio Aperador Prieto: 1.928,36 euros.
- D. César Sieiro Cerdeira: 1.928,36 euros.



Concello de Vigo

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, en data 20/12/18, acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez